

## CONVOCATORIA DO CONCURSO DO CARTEL ANUNCIADOR DA LXXIV FESTA DO VIÑO ALBARIÑO DO 2026

### Disposicións xerais

1. A presente convocatoria rexerese polo disposto na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025. No non previsto, regularanse polo disposto na citada Ordenanza, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 886/2006, de 21 de xullo, salvo naqueles aspectos nos que pola especial natureza destas subvencións non resulte aplicable.

2. As bases reguladoras da concesión destas subvencións están contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Cambados, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 29/05/2025, e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 153 de data 13/08/2025.

3. O marco competencial no que se sustenta esta convocatoria ven reflectido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que no seu artigo 25.2.m) recolle como competencia propia municipal a promoción da cultura.

Nese sentido, o Concello de Cambados ven desenvolvendo anualmente, durante o período estival, a programación da Festa do Viño Albariño, asumindo a través desta competencia de promoción da cultura a posta en valor e conservación das tradicións e manifestacións culturais propias, entre as que se atopan festexos e celebracións tradicionais como esta festa, declarada de Interese Turístico Internacional.

Por outra banda, o decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece no artigo 23 que "as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen os atribuídos á competencia local". Deste xeito, preténdese favorecer, axudar e promocionar o traballo de artistas plásticos e deseñadores/as gráficos/as, dando cabida a todo tipo de propostas innovadoras e representativas das últimas tendencias en deseño de cartel, fomentando ao tempo a participación nas actividades que forman o ciclo festivo da vila.

### 1.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da participación e concesión do premio que se concederá ao gañador/a do Concurso para a elección do "Cartel anunciador da LXXIV Festa do Viño Albariño do 2026", declarada de Interese Turístico Internacional por Resolución de 31 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se concede o título de Festa de Interese Turístico Internacional á festa denominada "Festa do Viño Albariño" de Cambados (Pontevedra).



## 2.- Aplicación orzamentaria.

Os gastos inherentes ao presente concurso, por un total máximo de 600,00 euros, imputaranse á aplicación 2026.3380.48100 do Orzamento vixente para o ano 2026.

## 3.- Concorrenza competitiva.

O premio inherente a este certame se concederá en réxime de concorrenza competitiva, previo estudio e valoración por parte do xurado.

## 4.- Participantes.

Poderá tomar parte neste certame calquera persoa física (+18) ou xurídica sen máis limitacións cas impostas pola legalidade vixente.

En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiarias de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e do cumprimento das obrigacións por reintegro de subvencións.

## 5.- Obras.

Cada participante poderá presentar un máximo de DÚAS obras, que deberán ser orixinais e inéditas, e cumprir os seguintes requisitos:

- Os concursantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas; ademais, renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.
- Poderán realizarse con calquera técnica pictórica, fotográfica, informática, etc.
- Non se aceptarán traballos realizados a través de Intelixencia Artificial (IA).
- A temática, aínda que libre, debe reflectir o que simboliza a Festa do Viño Albariño para Cambados.
- Presentaranse cun formato vertical e unhas dimensións de 1000 x 700 mm, en JPEG, 300 ppp de resolución e entre 1 e 20 MB de tamaño.
- Deixarase unha franxa suficiente na parte inferior do cartel suficiente para poder engadir os logotipos de organizadores e colaboradores.
- O texto incluído no cartel deberá ser:

**LXXIV FESTA DO VIÑO ALBARIÑO**  
**CAMBADOS, do 29 de xullo ao 2 de Agosto de 2026**  
**Declarada de Interese Turístico Internacional**  
**[www.cambados.gal](http://www.cambados.gal)**

Os carteis que incumpran algunha das normas establecidas na presente base quedarán eliminadas de inmediato do concurso.



A obra premiada e todos os seus dereitos pasarán a ser propiedade do Concello de Cambados, que, así mesmo, reservase o dereito de reprodución da obra gañadora, citando ao autor/a.

Cos carteis presentados ao concurso e que cumpran as Bases, o Concello reservarase a posibilidade de efectuar as exposicións públicas que estime convenientes.

Os participantes que desexen manter o anonimato na indicada exposición deberán manifestalo expresamente na súa ficha de inscrición no concurso.

## 6.- Modo de presentación.

As obras deberán ser presentadas a través dalgunha das seguintes vías, elixindo unha delas:

- a) A través da **sede electrónica do Concello de Cambados por instancia xeral** (<https://cambados.sedelectronica.gal/info.0>)

Aportaranse dous arquivos:

1. **Arquivo 1:** co nome do **LEMA ou PSEUDÓNIMO**, a/s proposta/s de cartel (ata dúas) en JPEG, 300 ppp de resolución, entre 1 e 20 MB de tamaño.
  2. **Arquivo 2:** co nome **DOCUMENTACIÓN**, incluíndo:
    - Nome e apelidos do autor
    - Fotocopia do D.N.I.
    - Enderezo, teléfonos de contacto e enderezo electrónico
    - Ficha de inscrición (Anexo ás presentes Bases)
- b) **Presencial, a través do Rexistro de Entrada do Concello de Cambados**, cubrindo a instancia xeral, nun sobre pechado onde se lea o LEMA ou PSEUDÓNIMO, e no interior:
- **Un CD ou PEN DRIVE**, co LEMA ou PSEUDÓNIMO, coa proposta/s de cartel (ata dúas) en JPEG, 300 ppp de resolución, entre 1 e 20 MB de tamaño.
  - **Un sobre pechado co LEMA ou PSEUDÓNIMO**, incluíndo:
    - Nome e apelidos do autor
    - Fotocopia do D.N.I.
    - Enderezo, teléfonos de contacto e correo electrónico
    - Ficha de inscrición (Anexo ás presentes Bases)

## 7.- Publicación da convocatoria e prazo de presentación.

Os traballos poderán ser presentados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO na forma e termos previstos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os mesmos deberán ser presentados ou enviados **antes das 14:00 horas do día 29 de maio de 2026**.



## 8.- Criterios de valoración.

- Creatividade e Innovación (Orixinalidade): A creatividade e a orixinalidade serán aspectos clave, premiando aquelas obras que ofrezan unha visión innovadora e persoal, afastándose de estereotipos ou representacións excesivamente convencionais.
- Calidade Técnica e Execución: Destreza no deseño, composición e calidade artística xeral.
- Adecuación ao Tema (Funcionalidade): Coherencia do cartel coa temática do concurso. Valorarase especialmente que as propostas saiban captar a esencia festiva e popular do evento, así como o seu carácter de encontro social e celebración compartida. Do mesmo xeito, considerarase moi positivamente a inclusión de elementos vinculados á cultura e ao patrimonio de Cambados e da súa contorna: dende referencias arquitectónicas e paisaxísticas ata tradicións locais ou detalles propios da viticultura.
- Impacto Visual e Eficacia Comunicativa: A integración harmoniosa (claridade da mensaxe) dos elementos da obra contribuirá a crear unha imaxe sólida, recoñecible e con capacidade de transmitir a singularidade da Festa do Viño Albariño como un dos eventos máis representativos de Galicia.
- Facilidade de Reprodución e Edición: Valorarase que o deseño sexa adecuado para a súa impresión en diferentes formatos e soportes sen perder calidade.

## 9.- Xurado.

O número de membros do xurado deberá ser impar e non inferior a tres. Formará parte do mesmo o Concelleiro de Festas ou persoa en quen delegue, como membro de honra, con voz pero sen voto. Actuará como secretario/a un empregado/a municipal do departamento de cultura. Os restantes membros do xurado do Concurso de Carteis da LXXIV Festa do Viño Albariño de 2026 -ata acadar como mínimo tres e sempre en número impar- serán designados entre:

- Representante/s do Consello D.O. Rías Baixas.
- Representante/s da Ruta do Viño Rías Baixas.
- Artista/s.
- Persoas adicadas profesionalmente ao deseño gráfico.
- Profesionais adicados ao sector vitivinícola.

Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes e deberán absterse de intervir cando neles concorra calquera outra das causas previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de membros do xurado nos casos previstos no parágrafo anterior, de conformidade ao establecido no art. 24 da citada Lei.

O Xurado será competente para avaliar as solicitudes presentadas conforme aos criterios de valoración e emitirá o correspondente fallo para o outorgamento do premio. A decisión do xurado deberá constar en acta.



## 10.- Premio.

O Concello de Cambados concederá un único premio por importe de 600,00 € e diploma. A esta cantidade aplicaráselle a retención que proceda en concepto de IRPF.

Mediante o pago do premio, o Concello de Cambados adquire o cartel gañador e o autor ou autores premiados outorgan ao Concello de Cambados a propiedade en exclusiva de todos os dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada, e poderá libremente proceder a calquera forma de explotación do cartel tales como a reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible, ou intanxible, comprendendo, todas e cada unha das modalidades de explotación, incluíndose os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra, para a súa explotación comercial en todo o mundo. Queda expresamente incluída a emisión e transmisión en liña das obras e a súa posta a disposición a través das redes dixitais interactivas, tipo Internet. Igualmente o Concello poderá explotar o cartel.

## 11.- Procedemento de concesión do premio.

A Resolución do procedemento co recoñecemento da obriga económica que supón o premio correspóndelle á Xunta de Goberno Local. Para isto, o órgano instrutor do expediente, tendo en conta a proposta de premio do Xurado e a documentación da persoa beneficiaria, formulará proposta para fiscalización previa da intervención municipal e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Prescídese do trámite de audiencia na proposta de resolución ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos aspirantes.

O Acordo de concesión do premio será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Cambados aloxado na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>), aos efectos do disposto no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo daráselle traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo máximo para a resolución e publicación será de tres meses dende a celebración do concurso.

O aboamento do premio farase a través de transferencia bancaria no número de conta aportado pola persoa beneficiaria, unha vez sexa adoptado o acordo de concesión. Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispoñen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución poderase interpor un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación, nos termos recollidos na lexislación vixente.



## 12.- Compatibilidade con outras axudas.

O presente premio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

## 13.- Aceptación das bases.

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

En todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación, o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

## 14.- Protección de datos.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Privados e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Cambados con domicilio en Praza do Concello s/n, 36630 Cambados (Pontevedra).

A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a xestión de datos dos participantes no concurso que organiza o Concello. Estes datos poderán ser cedidos aos medios de comunicación coa finalidade de dar a coñecer aos participantes e gañador ou gañadora. Se o desexa poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición remitíndose por escrito á dirección sinalada, achegando unha fotocopia do seu DNI.

## 15.- Norma final.

En todos aqueles aspectos que non se atopen expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

## 16. Entrada en vigor.

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na sede electrónica municipal (<https://cambados.sedelectronica.gal>).

## ANEXO I



CONCURSO DO CARTEL ANUNCIADOR DA LXXIV FESTA DO VIÑO ALBARIÑO  
DE 2026

FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e Apelidos:

.....

D.N.I.: .....

Enderezo: .....

.....

.....Teléfono: .....

Enderezo electrónico: .....

En nome propio baixo a súa persoal responsabilidade

DECLARA

**Primeiro:** Que coñece as bases do “CONCURSO DO CARTEL ANUNCIADOR DA LXXIV FESTA DO VIÑO ALBARIÑO DE 2026” e fai constar a súa conformidade e aceptación das expresadas bases a cuxo efecto manifesta:

**Segundo:** Que o traballo co LEMA ou PSEUDÓNIMO:

.....  
.....

que acompaña a esta ficha de inscrición é orixinal e inédito, non tendo sido premiado e ningún outro concurso.

**Terceiro:** Que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e do cumprimento das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a comunicar calquera variación das circunstancias anteriormente declaradas.

**Cuarto:** Que coñezo as prohibicións para obter a condición de beneficiario contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non incorrendo en ningunha delas.

E para que conste asina a presente declaración.

En ....., a.....de ..... de 2026

Asdo.:

